

## **Lei 6/1993, do 11 de maio, de pesca de Galicia**

### Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 235, do 3.2.1992.

Emendas, BOPG núm. 253, do 25.3.1992.

Debate de totalidade, DSPG núm. 121, do 23.6.1992.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 329, do 23.10.1992.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 382, do 17.3.1993.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 382, do 17.3.1993.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 153, do 13.4.1993.

### Publicación:

*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 406, do 8.5.1993.

*Diario Oficial de Galicia* núm. 101, do 31.5.1993.

*Boletín Oficial del Estado* núm. 156, do 1.7.1993.

## **Lei 6/1993, do 11 de maio, de pesca de Galicia**

A sentenza 9/2001, do 18 de xaneiro, estimou parcialmente o recurso de inconstitucionalidade promovido polo Presidente do Goberno

Esta lei foi derogada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008, do 3 de decembro de pesca de Galicia

A pesca e o marisqueo en Galicia foron e son un motor básico da economía galega, tanto polo emprego directo que xeran coma polo gran efecto multiplicador desta actividade en toda a industria auxiliar, entre a que se encontran a de cultivos mariños, a conserveira, os transportes e a de equipamentos de pesca, ademais da propia industria de construción naval en medianos e pequenos estaleiros.

Ademais disto, a pesca xerou e propiciou o desenvolvemento dunha importantísima industria de almacenamento frigorífico e transformadora de produtos conxelados e uns intereses pesqueiros que hoxe abranguen o ámbito internacional. O conxunto deste potencial débese preservar e desenvolver, e neste desenvolvemento deben cooperar as institucións da Comunidade Autónoma galega plenamente, alí onde alcancen as súas competencias e, na medida do posible, alí onde alcancen os intereses de Galicia.

A explotación dos recursos mariños en Galicia sofre un desequilibrio crónico entre o limitado

dos ditos recursos e a enorme presión social sobre eles, debido á falta de alternativas socio-laborais para a densa poboación costeira. Este desequilibrio constitúe o principal freo á racionalización do sector e condiciona enormemente os medios para abordala.

Ata agora as leis 2/1985, do 26 de febreiro, de ordenación da pesca marítima en augas da Comunidade Autónoma de Galicia, e 15/1985, do 23 de outubro, de ordenación marisqueira e cultivos mariños, regulaban a actividade extractiva pesqueira e as actividades marisqueiras e de cultivos mariños na nosa Comunidade Autónoma e cubriron unha importante etapa histórica, na que se trataba de dota-las institucións galegas dun contido lexislativo mínimo que permitise unha rápida asunción dos medios transferidos para exercer-las competencias contempladas no Estatuto de autonomía galego.

Desde entón non transcorreu moito tempo, pero os acontecementos nestes anos, entre os que destaca o ingreso do noso país na

Comunidade Económica Europea, afectaron toda a trama económica da pesca e, en especial, os sectores máis débiles dela, como son a pesca de baixura e o marisqueo.

Neste contexto, as citadas leis de 1985 abranguían tan só unha parte da base legislativa do sector pesqueiro e marisqueiro en Galicia, que debe ser complementada pola lexislación subsidiaria do Estado e que, por iso, segue a padecer unha considerable dispersión e falta de coherencia.

A citada base legislativa, ademais, estaba desenvolvida na súa práctica totalidade antes da adhesión de España á CEE e tamén, en boa medida, hai demasiado tempo, o que a converte á súa vez en pouco adaptada ó progreso técnico e á nova conxuntura internacional.

En relación con todo iso, a próxima entrada en vigor do Mercado Único fai precisa unha reordenación do sector pesqueiro que o faga capaz de se enfrontar ó reto do devandito mercado, e esta ordenación require inescusablemente dispoñer dun marco legislativo actualizado e coherente.

Os principios enunciados no artigo 39 do Tratado de Roma proporcionan agora o marco xurídico e os obxectivos de desenvolvemento do noso sector: as accións de política pesqueira deben asegurar a longo prazo a autosuficiencia económica, a competitividade e estruturas saneadas no sector pesqueiro.

Así mesmo, convén elimina-la dicotomía establecida de antigo entre pesca e marisqueo, que non ten, segundo sentencias do Tribunal Constitucional, sentido xurídico, nin tampouco existe esta diferenciación no dereito primario da Comunidade Europea. Ó mesmo tempo esta multiplicidade de obxectivos só se pode alcanzar mediante un ordenamento xurídico que considere o desenvolvemento global do sector pesqueiro. Isto non é un labor fácil, xa que non existen moitos precedentes na lexislación nacional nin internacional, ás que xa se recorreu amplamente na elaboración desta lei, xa que as lexislacións pesqueiras foron crecendo sobre a marcha.

Neste aspecto achégase algo novo neste terreo.

A lei reconece, por un lado, a necesidade de crear un marco adecuado para a modernización do sector, para a súa adaptación á nova situación económica internacional, que esixe responder ó reto da competitividade. Pero, ó mesmo tempo, reconece tamén a situación de partida, especialmente na súa vertente social, o que fai imprescindible prever formas de avanzar cara ó obxectivo citado minimizando o impacto social na medida do posible. A presente lei trata, polo tanto, de encontrar un equilibrio entrámbalas dúas consideracións.

Coa dita finalidade, a Xunta de Galicia arbitrará as medidas nece-

sarias para que a explotación dos recursos se realice da forma máis eficaz e ordenada posible, atendendo ás características socio-económicas das comunidades costeiras que tradicionalmente dependen da pesca.

No desenvolvemento da normativa desta lei oíranse os puntos de vista dos profesionais e da comunidade científica, a través dos órganos consultivos correspondentes, e adoptaranse as medidas que mellor conveñan ó interese público e conforme os obxectivos da presente lei.

A inclusión dunha serie de definicións vén dada pola necesidade de gardar precisión no texto lexislativo. O texto recolle definicións ó uso tanto na lexislación autonómica e nacional coma na comunitaria e internacional e incorpora novas definicións ó uso na linguaxe técnica habitual da regulación das pesquerías.

O título correspondente ás competencias é amplo e define con detalle cales son, tomando como base a Constitución española, o Estatuto de autonomía de Galicia, os decretos de transferencias de competencias e os decretos de asunción destas, tanto para Galicia coma para outras comunidades autónomas con idéntico nivel competencial cá Comunidade Autónoma de Galicia, que recoñecen explicitamente as competencias contidas nos estatutos de autonomía correspondentes, e as

distintas sentencias do Tribunal Constitucional ó respecto, que enriquecen o contido deste texto lexislativo básico, e que dará pé a un amplo desenvolvemento normativo que permita que o sector pesqueiro galego poida asumir nun curto espazo de tempo o reto de competitividade desde unha posición de autosuficiencia económica e capitalización suficiente necesarias para asumilo reto do Mercado Único Europeo.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de pesca de Galicia.

## Título I

### Disposicións xerais

#### Capítulo I

##### Fins

#### Artigo 1

A presente lei ten por finalidade a regulación e ordenación da pesca, do marisqueo e da acuicultura mariña, así como de todo tipo de actividade pesqueira marítima, sen prexuízo das particularidades do réxime de actividades pesqueiras de carácter recreativo, e, en xeral, a explotación dos recursos mariños baixo calquera modalidade

de que, de acordo co Estatuto de autonomía, lle corresponda á Comunidade Autónoma galega.

#### Artigo 2

Os recursos mariños de Galicia constitúen unha riqueza colectiva e están ó servizo da Comunidade Autónoma. A Administración autonómica, mediante o oportuno desenvolvemento regulamentario, propiciará que as persoas que accedan ós diferentes tipos de explotación posúan a capacitación profesional axeitada.

#### Artigo 3

Correspóndelle á Administración autonómica garantir que a utilización dos recursos mariños se realice de forma que se obteña o seu máximo rendemento a través dunha explotación económica racional e eficaz que sexa compatible coa conservación das especies e co incremento do benestar comunitario.

Esta política orientarase igualmente cara ó aumento da produción das especies, respectando, na medida do posible, as estruturas socio-económicas existentes.

#### Artigo 4

Toda acción de explotación dos recursos mariños levarase a cabo de forma controlada e, polo tanto, non se permitirá, en ningún caso, ningunha actividade que non estea autorizada debidamente.

As actividades de pesca marítima de recreo e as de espaxemento realizaranse conforme a súa regulación específica.

## Capítulo II

### Ámbito de aplicación e obxecto

#### Artigo 5

A presente lei abrangue a totalidade do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, as súas augas interiores en pesca marítima, así como o mar territorial e a porción da zona económica exclusiva española do litoral de Galicia para o marisqueo e a acuicultura mariña.

#### Artigo 6

A presente lei ten por obxecto a regulación das materias competencia da Comunidade Autónoma relativas á ordenación pesqueira e a íntegra xestión económica desta.

Débense considerar incluídas na ordenación pesqueira, con carácter indicativo:

a) En materia de distribución de licencias de pesca para faenar en augas internacionais ou de terceiros países:

— A execución de tratados e convenios internacionais sobre a materia, para o cal a Administración autonómica elaborará os plans de pesca correspondentes.<sup>(1)</sup>

— A distribución de licencias, cotas e permisos temporais de pesca que, derivados de convenios

(1) Este parágrafo no que respecta á elaboración dos «plans de pesca» foi declarado nulo pola STC 9/2001, do 18 de xaneiro.

internacionais, lle correspondan en cada momento a Galicia e que sexan asignados pola Administración do Estado á Xunta de Galicia para tales efectos.

b) En materia de construción de buques de pesca:

— O outorgamento dos permisos de construción de buques de pesca e auxiliares, logo da súa solicitude, no ámbito territorial de Galicia, de conformidade cos criterios establecidos por ela e de acordo coa lexislación básica do Estado sobre ordeñación do sector pesqueiro.

— A xestión económica integral dos fondos destinados para tales fins, o establecemento dos niveis de subvención e a decisión sobre os destinatarios das citadas subvencións.

c) En relación cos buques de pesca e coas embarcacións auxiliares de acuicultura con base en Galicia:

— O establecemento e a aplicación da normativa sobre as limitacións en canto ás toneladas de rexistro ou toneladas de rexistro bruto e a potencia dos motores de cada unidade nas distintas modalidades de pesca.

— A autorización dos cambios e establecementos de base, cambios de motores, de dominio e de estruturas nas embarcacións obxecto do ámbito desta lei.

— As limitacións de toneladas de rexistro ou de potencia dos motores non diminuirán as condicións de seguridade dos buques.

d) En materia de conservación e mellora dos recursos pesqueiros:

— O establecemento de zonas e épocas de veda e a fixación de fondos e arrecifes artificiais.

— O establecemento de zonas de interese especial pesqueiro, marisqueiro ou de acuicultura.

— A regulamentación de artes, aparellos e instrumentos de pesca nas costas do ámbito territorial de Galicia, respectando en todo caso os acordos e convenios internacionais nos que o Estado sexa parte.

— A tramitación ante a Administración do Estado de autorizacións de desprazamento dos barcos que habitualmente faenan nas zonas da Comunidade Autónoma de Galicia afectadas por vedas a outras comunidades autónomas.<sup>(2)</sup>

— A regulación para a explotación de animais e plantas mariñas non destinados directamente ó consumo, tales como os utilizados como engado ou con finalidade ornamental.

e) En materia de comercialización dos produtos da pesca, do marisqueo e dos cultivos mariños:

— A promoción das estruturas de comercialización mediante:

\* O apoio ás confrarías de pescadores, cooperativas do mar e asociacións e organizacións de

---

(2) Este parágrafo foi declarado nulo pola STC 9/2001, do 18 de xaneiro.

produtores na distribución dos produtos do mar.

\* A mellora e o control do réxime de contratación dos produtos do mar.

\* A normalización e tipificación dos produtos pesqueiros e as súas denominacións de orixe e calidade.

\* O apoio ás confrarías de pescadores, organizacións de produtores, cooperativas do mar e asociacións de produtores para a construción, o equipamento e a modernización de fábricas de xeo, instalacións de conxelación, lonxas pesqueiras e mercados de orixe, así como para o seu equipamento estatístico.

\* A promoción de acordos intersectoriais entre as asociacións e organizacións de produtores e doutras actividades complementarias de procesamento, manipulación, elaboración e consumo dos produtos do mar.

\* A promoción de campañas de orientación e fomento do consumo dos produtos do mar, de accións tendentes a melloralas calidade dos produtos do mar e de estudos sobre a comercialización dos produtos pesqueiros.

f) O establecemento do Rexistro oficial de actividades, de establecementos e empresas e de embarcacións ou medios dedicados ó exercicio da pesca, acuicultura e industrias derivadas.

g) A sanción das infraccións que

se cometan nas materias obxecto da presente lei de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia transferidas e dentro dos límites fixados por esta, sen prexuízo das que lle correspondan á Administración do Estado.

h) A xestión íntegra das subvencións destinadas ós fins perseguidos na presente lei.

i) O fomento da política industrial e de desenvolvemento do sector pesqueiro.

j) As axudas á creación, modernización e ampliación de industrias.

k) A xestión da asistencia técnica á industria e á flota e dos servizos sociais para o persoal do sector.

l) O fomento da investigación de recursos mariños vivos.

m) A realización da estatística pesqueira, de acordo co disposto na Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia.

n) A execución da lexislación en materia de despacho e inspección de buques, tanto de pesca coma de auxiliares de acuicultura.<sup>(3)</sup>

ñ) A prevención de loita contra as enfermidades e zoonoses dos animais mariños e a aplicación das medidas zoonitarias obrigatorias en relación co transporte dos animais e dos seus produtos.

---

(3) Este apartado foi declarado nulo pola STC 9/2001 do 18 de xaneiro.

## Artigo 7

O ámbito de aplicación funcional desta lei esténdese á inspección pesqueira, marisqueira e de establecementos de cultivos mariños e auxiliares no territorio e nas augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia e das actividades de ordenación pesqueira nas augas e costas do ámbito territorial.

### Capítulo III

#### Normas xerais

#### Sección 1.<sup>a</sup>

##### Establecementos de cultivos mariños

## Artigo 8

1. Son establecementos de cultivos mariños os que, situados en zonas de dominio público ou privado, se dediquen a algunhas das actividades definidas como tales na presente lei.

2. Os establecementos de cultivos mariños clasifícanse por razón da súa natureza ou función en:

— Parque de cultivo mariño: espacio coutado na zona marítima ou marítimo-terrestre no que, con procedementos técnicos, se desenvolven cultivos mariños.

— Viveiro: instalación ou artefacto flotante, a medias augas, de fondo ou de armazón fixa ó fondo,

que soporta os elementos necesarios para realizar un cultivo mariño.

— Criadoiro: instalación fixa onde por medios técnicos e científicos se obtén a reprodución de calquera especie mariña e se favorece o desenvolvemento de especies mariñas no inicio do seu ciclo vital, antes da súa estabulación en establecementos de cultivo ou para repoboacións.

— Granxa mariña: instalación fixa situada na zona marítimo-terrestre, ou terrestre, alimentada directa ou indirectamente por auga do mar, a través de conduccións desmontables, onde se fai o cultivo de especies mariñas.

Facúltase a Xunta de Galicia para a definición de novos tipos de establecementos, se as necesidades o requiren.

#### Sección 2.<sup>a</sup>

##### Establecementos auxiliares de cultivos mariños

## Artigo 9

1. Son establecementos auxiliares os que, situados en zonas de dominio público ou privado, sexan complementarios dos principais para o desenvolvemento dalgunhas das actividades de cultivos mariños definidas como tales nesta lei.

2. Os establecementos auxiliares clasifícanse en:



— Estación depuradora: instalación ou establecemento dotado dos medios técnicos necesarios para conseguirla eliminación de xermes patóxenos nos moluscos vivos destinados ó consumo humano.

— Cetaria: estación en comunicación co mar ou alimentada coas súas augas dedicada ó mantemento de crustáceos vivos, co fin de levar a cabo a súa regulación comercial.

— Expositor: todo depósito dedicado ó mantemento de crustáceos vivos para a súa venda directa ó consumidor e situado en establecementos de hostelería, supermercados, peixerías e á vista do público.

— Depósito regulador: instalación na zona terrestre ou marítimo-terrestre onde se acumulan temporalmente especies mariñas distintas dos crustáceos, co fin de levar a cabo a súa regulación comercial.

— Centro de expedición: establecemento dotado dos medios necesarios no que se reciben, acondicionan, lavan, clasifican e envasan especies mariñas nas condicións sanitarias establecidas oficialmente para a súa comercialización e consumo.

3. Tódolos establecementos auxiliares de cultivos mariños axustaranse ós tipos descritos neste artigo. Facúltase a Xunta de Galicia para a definición de novos tipos de establecementos auxiliares, se as necesidades o requiren.

### Sección 3.<sup>a</sup>

#### Títulos administrativos habilitantes

#### Artigo 10

O exercicio por toda persoa física ou xurídica das actividades de pesca, marisqueo ou cultivos mariños require un título administrativo habilitante previo, que adoptará algunha das seguintes modalidades:

a) Concesión: cando a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura outorgue o uso privativo anormal de bens de dominio público marítimo ou marítimo-terrestre, que implique o dereito á ocupación, uso ou desfrute, en réxime temporal dos mesmos, para a instalación ou explotación dun establecemento de cultivos mariños ou dun establecemento auxiliar.

b) Autorización: cando a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura outorgue un uso privativo normal de bens de dominio público marítimo ou marítimo-terrestre, a título precario, para a súa explotación ou utilización en réxime de exclusividade dos mesmos, para o aproveitamento racional ou de semicultivo de determinadas especies mariñas nun banco natural.

c) Permiso de actividade: cando a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura lles recoñeza a facultade de posta en funcionamento e explotación dos establecementos de cultivos mariños e

auxiliares a empresas de produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura en terreos de dominio público ou privado que non sexan marítimos ou marítimo-terrestres.

d) Permiso de explotación: cando a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura lles recoñeza a capacidade para exercer actividades de explotación a particulares, sexan persoas físicas ou xurídicas, dos recursos mariños.

## Título II

### Da explotación dos recursos mariños de Galicia

#### Capítulo I

#### Disposicións xerais

##### Artigo 11

A explotación dos recursos mariños de Galicia terá como obxectivos a preservación dos recursos, a rendibilidade bioeconómica, o mantemento da actividade económica e laboral derivada da súa explotación, a innovación tecnolóxica, a maximización da produtividade e a existencia estable de materias primas e dos prezos rendibles.

Teranse en conta, así mesmo, as circunstancias económico-sociais das persoas que participen na súa explotación.

##### Artigo 12

As medidas que se establecen para a regulación da explotación dos recursos mariños tratarán de obte-lo benestar para as comunidades costeiras que dependan tradicionalmente destes como medio principal de vida. A adopción de medidas restrictivas orientadas á recuperación dos recursos farase de xeito gradual, procurando minimiza-los posibles desequilibrios socio-económicos que se puidesen derivar diso.

##### Artigo 13

As actuacións de ordenación pesqueira por parte da Administración autonómica orientaranse cara ós seguintes obxectivos prioritarios:

a) Regular que o esforzo pesqueiro real exercido sobre os recursos en augas de competencia da Comunidade Autónoma non exceda dos límites alcanzados na data de entrada en vigor da presente lei.

b) Para os recursos que se encontren en estado de subpesca poderase autoriza-lo incremento controlado e gradual do esforzo pesqueiro real neles.

c) A regulación dos recursos mariños farase de maneira que se alcance, nun prazo razoable, o nivel de rendemento máximo sostible que corresponda á selectividade das artes e dos tamaños mínimos que se autoricen no maior número posible de unidades de poboación.

d) Co obxecto de recupera-los recursos mariños, a Administración autonómica procederá a reducir paulatinamente o esforzo de pesca real daqueles recursos que se encontren sobreexplotados, co fin de que este esforzo se sitúe a un nivel igual ou inferior daquel que produza o rendemento máximo sostible correspondente ás condicións descritas na alínea anterior, para o maior número posible de unidades de poboación.

#### Artigo 14

No caso de que o rendemento máximo sostible se poida incrementar mediante técnicas de semicultivo ou cultivo, as medidas que se adopten facilitarán ese desenvolvemento.

#### Artigo 15

As medidas que deban adoptarse tratarán de maximizar o rendemento potencial de cada unha das unidades de poboación existentes en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia. Para isto, entre outras posibles medidas, adoptaranse aquelas destinadas a evitar conflitos espaciais entre os distintos aparellos de pesca, establecementos ou artefactos de cultivos e procurarase que as explotacións dirixidas á captura de individuos dunha especie ou especies en particular minimicen as capturas accidentais ou os efectos negativos colaterais noutras especies que non sexan obxecto da explotación principal.

#### Artigo 16

As medidas previstas nesta lei garantirán a distribución obxectiva e equitativa do acceso á explotación dos recursos entre os profesionais e as entidades cualificadas con dereito a isto.

#### Artigo 17

A Administración autonómica, co fin da conservación do medio natural e do interese público, poderá establecer espazos naturais protexidos no ámbito mariño.

#### Artigo 18

Nos bancos naturais poderanse establecer áreas vedadas de reserva que sirvan para a recuperación das especies.

#### Artigo 19

A Administración autonómica procurará proporcionarlles ós profesionais as bases científicas e técnicas que lles permitan o mellor exercicio e aproveitamento das súas actividades.

#### Artigo 20

1. As actividades que se pretendan establecer ou desenvolver no contorno litoral ou na zona marítimo-terrestre ou na marítima e que puidesen implicar perigo ou afectar a calidade das augas, así como a potencialidade dos recursos mariños e a súa salubridade, requirirán antes da resolución sobre o outorgamento da autorización, concesión ou permiso da actividade unha auditoría de impacto

ambiental, sen prexuízo do que resulte da aplicación específica da normativa do medio ambiente.

2. A Xunta de Galicia establecerá os plans plurianuais de eliminación e depuración e de residuais de núcleos de poboación que desauguen ó mar, e establecerá as condicións e os prazos para a depuración das industrias existentes que vertan directamente ó mar.

Calquera industria de nova instalación que poida verter ó mar dotarase dunha instalación de depuración, necesitará informe preceptivo e vinculante da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura e presentará o correspondente estudo de impacto ambiental.

## Capítulo II

### Das medidas de explotación e regulación

#### Artigo 21

Correspóndelle á Administración autonómica, a través da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura:

a) Outorga-las títulos administrativos habilitantes correspondentes para:

a.1) A actividade de explotación dos recursos mariños.

a.2) A actividade de instalación de calquera establecemento de cultivos mariños ou auxiliar e de empresas de transformación de

productos da pesca, do marisqueo e da acuicultura.

a.3) A toma e evacuación de auga do mar con obras desmontables, para establecementos de cultivos mariños ou auxiliares de calquera índole.

b) Establecer normas de policía e vixilancia para a explotación racional dos bancos naturais de peixes e mariscos en xeral.

c) Dicta-las normas que garantan a formación necesaria a pescadores, acuicultores e mariscadores para exercer con eficacia e seguridade as súas tarefas profesionais.

d) Establece-las condicións técnicas dos establecementos e establecementos auxiliares de acuicultura, así como das empresas de transformación de productos da pesca, do marisqueo e da acuicultura.

#### Artigo 22

A Xunta de Galicia establecerá as normas para o exercicio da actividade encamiñada á explotación dos recursos mariños nas súas distintas modalidades, entre outras:

a) As relativas á determinación das zonas de libre marisqueo, así como as que merezan ser declaradas de interese especial, marisqueiro ou pesqueiro.

b) As relativas ás épocas de veda e ós tamaños mínimos autorizados para a extracción dos recursos

mariños, así como ás cotas ou ós topes máximos de capturas.

c) As relativas ás artes, ós aparellos e ós utensilios autorizados para exercer-la pesca e o marisqueo, así como as limitacións no seu número.

d) A ordenación das normas de comercialización e transporte.

e) As condicións e os requisitos para obter títulos administrativos habilitantes e certificados de cualificación profesional.

f) O permiso e os requisitos para a inmersión en augas competencia da Comunidade Autónoma galega de semente, crías ou adultos para calquera fin.

g) O establecemento do correspondente canon de explotación, sen prexuízo do canon de ocupación do dominio público marítimo-terrestre, relativo ás concesións ou autorizacións que a Comunidade Autónoma outorgue no mesmo.

### Artigo 23

Corresponderalle á Administración autonómica dictar normas sobre o número máximo de embarcacións ou persoas que poidan ser autorizadas a explotar os recursos mariños e a tonelaxe total e unitaria das embarcacións, así como a potencia dos seus motores, e determinar, cando sexa preciso, o tipo de unidades de explotación.

### Artigo 24

A Administración autonómica fixará tanto os horarios da actividade das distintas modalidades de explotación coma os días nos que se poderá levar a cabo. Así mesmo determinará o tempo de calamento das artes destinadas á explotación dos recursos mariños.

### Artigo 25

A Administración autonómica determinará os métodos de pesca, artes, aparellos, instrumentos e equipamentos prohibidos por considerarse prexudiciais para a recuperación e conservación dos recursos mariños. Así mesmo poderá establecer vedas estacionais ou zonais, regulamento do tamaño das mallas utilizadas, dimensións de artes, aparellos e anzois, establecer tamaños mínimos de especies, fixar áreas exclusivas para certas modalidades ou clases de explotacións e topes ou cotas ás capturas ou por persoa ou embarcación.

## Capítulo III

### Das embarcacións utilizadas na explotación dos recursos

### Artigo 26

Na explotación dos recursos mariños só se poderán utilizar embarcacións que estean inscritas nas listas destinadas para iso no Rexistro de Matrícula de Buques.

Esta disposición élle aplicable tanto ás embarcacións dedicadas á explotación comercial dos recursos coma ás destinadas á pesca marítima de recreo.

#### Artigo 27

Poderán acceder ó exercicio da actividade de explotación dos recursos mariños as embarcacións que, na data de entrada en vigor da presente lei, estean inscritas definitivamente nas correspondentes listas de pesca ou auxiliares de acuicultura do Rexistro de Matrícula de Buques e no censo de embarcacións pesqueiras e auxiliares de acuicultura de Galicia e que contén coa correspondente habilitación administrativa, así como aquelas que no futuro se poidan inscribir legalmente.

### Capítulo IV

#### Permisos de explotación de pesca e marisqueo

##### Sección 1.<sup>a</sup>

#### Consideracións xerais

#### Artigo 28

1. Para pescar, mariscar ou recolectar algas necesítase contar co correspondente permiso de explotación expedido pola Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura da Xunta de Galicia.

No caso de que estas actividades se exerzan mediante técnicas de submarinismo, o permiso de explotación deberá estar debidamente complementado pola titulación

adecuada ós medios utilizados.

2. Regulamentariamente especificaranse as condicións para a obtención dos permisos de explotación.

#### Artigo 29

O marisqueo e a pesca nas zonas que non sexan obxecto de concesión ou autorización a que se refire esta lei poderán ser exercidos, de acordo coas normas que se establezan, por tódolos que obtiven o permiso de explotación correspondente.

#### Artigo 30

O permiso de explotación que faculte para exercer a pesca e o marisqueo a flote será expedido a nome da embarcación e cubrirá legalmente a actividade de tódolos tripulantes que estean debidamente enrolados.

O referido permiso de explotación será intransferible a terceiros, salvo que se faga conxuntamente coa transferencia da embarcación e logo da conformidade da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

Poderase, sen embargo, efectuar a transferencia do permiso de explotación a unha nova embarcación sempre que substitúa a anterior.

O permiso de explotación non se lles expedirá ás embarcacións con máis de trinta anos.

---

Vid. fundamento xurídico 11 do STC 9/2001, do 18 de xaneiro.

### Artigo 31

No caso do marisqueo a pé, o permiso de explotación terá carácter individual e intransferible e requirirá a cualificación profesional correspondente. En certos casos, e onde non se poida mariscar a pé, poderanse utilizar embarcacións de apoio, que deberán estar rexistradas nas listas correspondentes e que poderán contar cun motor fóra borda de ata 4 CV como máximo. A Administración autonómica determinará as áreas nas que se poden utilizar as devanditas embarcacións.

### Artigo 32

O permiso de explotación só será válido para a zona ou as zonas que se indiquen e a súa validez será de un ano, renovable por iguais períodos, no caso do marisqueo a pé, e de cinco, prorrogable por períodos doutros cinco, cun máximo de trinta anos, para as embarcacións de pesca.

En ámbolos dous casos as renovacións faranse a pedimento do interesado.

### Artigo 33

O incumprimento das condicións de permiso de explotación que determinen un uso indebido deste levará consigo, ademais das sancións económicas que procedan conforme a lexislación vixente, a suspensión da actividade por un período de ata tres meses ou, no caso da reiteración destes incum-

primentos, a retirada definitiva daquel.

### Artigo 34

Naquelas zonas ou para as modalidades onde puidesen existir competencias concorrentes entre a Administración autonómica e central ou outras administracións autonómicas, os permisos de explotación outorgaranse tralas consultas correspondentes entre as administracións involucradas, co fin de salvagarda-la igualdade de dereitos de persoas e embarcacións.

### Artigo 35

1. Unicamente se outorgará o número de permisos de explotación que o aproveitamento racional dos recursos permita.

2. Aquelas persoas que non obtivesen permiso de explotación, como consecuencia do disposto na alínea anterior, gozarán de prioridade para concorrer a cursos ou accións de reciclaxe profesional que a Administración pesqueira da Xunta convoque.

### Artigo 36

Os permisos de explotación de pesca serán expedidos especificamente para especies, bancos, artes e grupos de artes determinadas. Poderán ser estacionalmente alternantes e non se poderán autorizar dúas artes ou grupos de artes de pesca simultaneamente, segundo se determine regulamentariamen-

te. As artes non reguladas considéranse prohibidas.

#### Artigo 37

Os titulares de permisos de explotación quedarán obrigados a achega-los datos da actividade destes na forma que se determine regulamentariamente. O incumprimento poderá dar lugar á resolución ou á denegación de prórroga.

#### Artigo 38

Para exercer-la actividade do marisqueo a pé requírase estar en posesión do permiso de explotación a pé correspondente; a súa expedición determinarase na súa regulación específica.

No citado permiso concretaranse necesariamente as artes, zonas de actuación e especies permitidas.

#### Artigo 39

1. O número de permisos de explotación expedibles por zona será limitado, fíxase regulamentariamente e non poderá supera-lo existente no momento da entrada en vigor desta lei, agás o disposto no artigo 13.b).

En todo caso, o outorgamento de permisos de explotación farase con criterios de obxectividade, equidade e transparencia.

2. Para a aplicación da limitación establecida na alínea anterior, e que virá determinada polas esixencias da profesionalización do

marisqueo a pé, os criterios básicos serán:

a) Que a actividade do marisqueo a pé constituía profesionalmente a principal fonte de ingresos dos titulares dos permisos.

b) Que esta actividade constituía unha fonte de ingresos complementaria doutra principal relacionada coa pesca.

c) Excepcionalmente, e onde exista gran escaseza de recursos marisqueiros, poderase autorizarlo exercicio da actividade do marisqueo como complementaria doutra principal non necesariamente relacionada coa pesca.

#### Artigo 40

As zonas do marisqueo a pé para as que non se requira autorización ou concesión serán denominadas zonas de libre marisqueo. Para mariscar nas devanditas zonas só será preceptiva a posesión do correspondente permiso de explotación e o respecto da normativa na materia.

A Xunta de Galicia determinará periodicamente cales son as zonas de libre marisqueo.

#### Artigo 41

A Xunta de Galicia determinará as vedas, os horarios de actividade marisqueira, as cotas máximas de captura por mariscador e outras prescricións, que serán de obrigado cumprimento tanto nas zonas de autorización coma nas de libre marisqueo.



## Artigo 42

Cando a explotación dun banco natural sexa susceptible de mellora significativa, a Administración autonómica poderá autoriza-lo aproveitamento exclusivo por colectivos ou entidades públicas ou privadas, de zonas de pesca ou marisqueo, delimitando a súa superficie.

Esta autorización requirirá un plan de pesca que inclúa o censo de barcos que se vaian utilizar na zona, un estudio sobre a mellora da explotación e unha proposta que garanta os dereitos de terceiros afectados.

## Capítulo V

### Da explotación dos recursos mariños en réxime de exclusividade

#### Sección 1.<sup>a</sup>

#### Aproveitamento exclusivo da pesca e do marisqueo na zona marítima

## Artigo 43

As autorizacións para o aproveitamento exclusivo da pesca e do marisqueo na zona marítima estarán limitadas á duración e delimitación especial que nelas se especifique e non lles outorgarán nin lles consolidarán ós seus beneficiarios ningún dereito ou preferencia no sucesivo.

Outorgaranse por períodos de cinco anos, prorrogables por períodos iguais, a petición do interesado ata un máximo de trinta anos.

Transcorrido calquera período se non media tal petición, consideraranse caducadas sen que sexa necesaria a declaración expresa.

Só se permitirá o aproveitamento en réxime exclusivo de zonas distintas das xa existentes na data de entrada en vigor da presente lei:

a) Cando se trate de zonas cunha profundidade igual ou inferior ós catro metros por debaixo da baixamar máxima escorada.

b) No caso no que o solicitante sexa unha agrupación formalmente constituída, representativa de tódalas entidades que tradicionalmente faenaban na zona afectada, e de acordo cun plan conxunto de explotación.

## Artigo 44

1. A área das zonas de aproveitamento exclusivo será proporcional ó número de persoas que vaian ter acceso á explotación, en relación coa área á disposición do colectivo autorizado e co que tradicionalmente actúe na zona e nas súas inmediacións. Regulamentariamente serán determinadas as áreas e especificarase o número de persoas que en cada unha delas vén actuando.

2. O outorgamento dunha zona a un colectivo poderá levar apare-

llada a exclusión deste para faenar nalgúns zonas, que se reflicterán nas condicións de outorgamento da autorización.

### Sección 2.<sup>a</sup>

Do marisqueo e da acuicultura na zona marítimo-terrestre

Das autorizacións na zona marítimo-terrestre

#### Artigo 45

Para o desenvolvemento de actividades de marisqueo e acuicultura, a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura poderá outorgarlles en exclusiva áreas de dominio público na zona marítimo-terrestre a persoas físicas ou entidades, públicas ou privadas.

#### Artigo 46

O outorgamento de áreas para a explotación exclusiva de recursos mariños en zona de dominio público revestirá a forma de concesión ou autorización.

#### Artigo 47

A Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura poderá outorgar autorización na zona marítimo-terrestre para explotar bancos naturais ou porcións deles sempre que se xustifique que este sistema de explotación é mellor na produción de recursos cá explotación libre do devandito banco natural.

#### Artigo 48

A duración, caducidade e revogación das autorizacións atárase ás seguintes normas:

1.— Outorgáranse por períodos de cinco anos, prorrogables por períodos iguais a petición do interesado, ata un máximo de trinta anos. Transcorrido calquera período, se non media a tal petición, consideráranse caducadas sen que sexa necesaria declaración expresa.

2.— Outorgáranse a título de precario e a súa extinción non dará dereito a ningunha indemnización.

3.— A Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura estará obrigada a declara-la revogación das autorizacións sempre que se produza un uso impropio ou abandono da explotación.

Entenderase por abandono o cesamento da actividade normal por un período de doce meses consecutivos.

4.— No caso de que existan áreas manifestamente infrautilizadas dentro dunha autorización, a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura poderá declara-la revogación da autorización nas devanditas áreas.

#### Artigo 49

O réxime das autorizacións atárase ás seguintes normas:

1.— As autorizacións outórganse unicamente co obxecto de realizar unha explotación contro-

lada dun banco natural, esixíndose labores de semicultivo, así como un plan de explotación e xestión dos recursos e a regulación do acceso das persoas autorizadas á explotación deste.

2.— A extensión das autorizacións terá que gardar proporción co número de persoas que se dediquen á explotación da actividade autorizada.

3.— No seu outorgamento teranse en conta os dereitos doutras persoas que regularmente viñesen explotando a zona obxecto da autorización.

4.— As autorizacións outorgánselles preferentemente ás entidades de interese colectivo.

5.— Unicamente os membros das entidades titulares das autorizacións e aquelas outras persoas establecidas no plan de explotación, ou as mencionadas no punto 3 do presente artigo, terán acceso á explotación delas. Non obstante, poderanse establecer acordos entre as distintas entidades para permiti-lo mutuo acceso dos seus membros.

#### Artigo 50

1. Os límites das áreas de explotación autorizadas deben estar sinalizados ou balizados de forma totalmente visible, con elementos que non supoñan perigo para a navegación, sendo o establecemento e mantemento dos sinais responsabilidade dos titulares da autorización.

2. As autorizacións non poderán ser transmisibles nin alleables por ningún título, nin se permitirá a construción de instalacións non desmontables nas áreas de explotación.

#### Artigo 51

As entidades e persoas físicas solicitantes deberán dispoñer dunha dirección técnica e xestora da explotación cun nivel de cualificación que se determinará regulamentariamente.

#### Das concesións na zona marítimo-terrestre

#### Artigo 52

As concesións na zona marítimo-terrestre poderanse outorgar para a realización de labores de cultivo mariño extensivo ou intensivo e requirirán un plan de xestión e viabilidade que garanta unha explotación eficaz e racional e que acredite autosuficiencia económica.

As concesións outorgaranse con obxectividade, equidade e transparencia.

#### Artigo 53

As zonas improductivas ou infrautilizadas ou explotadas en forma contraria ós obxectivos desta lei, e que como tales fosen determinadas pola Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, seranlles outorgadas en réxime de concesión, logo de concurso públi-

co, a aquelas entidades que reúnan as condicións esixidas para iso.

#### Artigo 54

Criterios de preferencia no outorgamento das concesións.

As concesións seranlles outorgadas preferentemente:

a) Ás entidades de interese colectivo que previamente fosen titulares dunha autorización, por un prazo mínimo de cinco anos, de maneira satisfactoria e economicamente rendible e autosuficiente.

b) Ás cooperativas formadas por mariscadores profesionais.

c) Ás entidades que recollan nos seus plans de explotación a contratación de mariscadores en posesión do permiso de explotación ou que estivesen enrolados en buques de pesca nos doce meses anteriores á solicitude.

#### Artigo 55

1. As concesións outorgaranse por un período de dez anos, prorrogables por períodos de dez se se demostra a rendibilidade e bo uso da explotación, ata un máximo de trinta anos, por pedimento do concesionario.

2. Cando a concesión implique actuacións que se van realizar no dominio privado, estas requirirán o oportuno permiso de actividade. A obra que se execute quedará indisoluble e indivisiblemente ligada ó conxunto da explotación, e non se poderá transmiti-la con-

cesión sen transmitir ou allear aquela simultaneamente.

3. Dentro do terreo da concesión poderán establecerse libremente áreas para o almacenamento de semente, a regulación comercial e outras actividades relacionadas coa explotación.

#### Artigo 56

1. Os establecementos amparados pola concesión poderán ser alleados ou cedidos conxuntamente con esta en calquera momento do período de vixencia dela, sendo necesaria para a transmisión ou cesión a autorización previa da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

2. Os establecementos amparados por concesións outorgadas conforme a presente lei consideraranse indivisibles, calquera que sexa a súa dimensión e capacidade.

3. A caducidade das concesións, logo de que se instrúa o correspondente expediente, será declarada sempre que exista incumprimento das normas de concesión ou abandono desta, entendéndose por tal o cesamento da actividade normal ou a produción inferior á prevista no plan de explotación, durante vintecatro meses consecutivos.

4. Os concesionarios quedarán obrigados a proporcionarlle á Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura os datos estatísticos que regulamentariamente se determinen, de conformidade co dis-

posto no artigo 18 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia.

5. A Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura reserva para si en todo caso o dereito de rescate da concesión e a facultade de expropia-lo concesionario por causas de utilidade pública, coa indemnización que corresponda de acordo co disposto na lei.

6. Na zona marítimo-terrestre non se permitirá outro tipo de obras cás imprescindibles para o funcionamento da explotación, debendo ter carácter de desmontables, e no caso dos encanamentos de toma de auga e desaugadoiro, estes deberán ir enterrados.

7. Extinguida a concesión, será obriga do último titular repoñer ó seu cargo calquera alteración que a súa actividade lle ocasionase ó contorno mariño, restaurando a zona ó seu estado natural.

#### Artigo 57

1. A Xunta de Galicia determinará regulamentariamente as características e o contido dos plans de xestión e viabilidade esixidos ós titulares das concesións, así como os requirimentos de cualificación profesional esixidos ós traballadores.

2. As concesións requirirán un replanteo topográfico e o seu balizamento. A Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura poderá esixi-la constitución dun seguro que garanta posibles danos a ter-

ceiros, agresións ó medio ou perdas, por circunstancias extraordinarias, nas propias instalacións.

3. A explotación nas concesións limitarase ás especies establecidas no plan de xestión e viabilidade, que poderán ser distintas das que existan na zona como banco natural.

4. Para efectuar calquera cambio no cultivo de especies ou para a experimentación de novos cultivos necesitarase autorización específica da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura. A introducción de especies sen este requisito poderá ser causa de revogación da concesión, sen dereito a indemnización e sen prexuízo das sancións a que houbese lugar.

#### Sección 3.<sup>a</sup>

#### Da acuicultura na zona marítima

#### Artigo 58

1. A acuicultura en zona marítima terá por obxectivo acadalo óptimo aproveitamento do potencial productivo desta. En consecuencia, poderán outorgarse concesións para a instalación de viveiros nas áreas ou nos puntos previamente sinalados pola Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, sempre dentro dos límites que permitan un aproveitamento racional destes.

2. A Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura estable-

cerá as normas relativas ás dimensións dos viveiros, distancias entre eles e outras medidas destinadas a racionaliza-lo cultivo.

3. Favorecerase a diversificación dos cultivos. Así mesmo poderán autorizarse cultivos poliespecíficos.

4. Igualmente potenciarase a integración das explotacións, para asegurar unha maior eficiencia económica destas, a través do fomento das cooperativas e doutras formas asociativas.

#### Artigo 59

1. A duración máxima destas concesións será de dez anos prorrogables por períodos sucesivos de dez anos, ata un máximo de dúas prórrogas. Transcorrido o prazo para o que se outorgaron, ou das prórrogas se é o caso, consideraranse automaticamente caducadas, sen que sexa precisa ningunha actuación ou declaración expresa para o efecto por parte da Administración.

2. Extinguida a concesión, será obriga do que foi o seu titular repoñer pola súa conta calquera alteración que a súa actividade ocasionase no medio mariño.

3. Permitirase a transmisión das concesións *mortis causa*. A *inter vivos* unicamente naqueles casos nos que se favoreza a integración económica e social do sector e logo de autorización da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

#### Artigo 60

1. Para o outorgamento requírase a presentación dun plan de explotación que inclúa os procesos de xestión e viabilidade.

2. A Xunta de Galicia determinará regulamentariamente as características e os requirimentos mínimos do plan de explotación e demais requisitos para o outorgamento destas concesións. Do mesmo xeito determinarase a cualificación do persoal vinculado á explotación.

#### Artigo 61

1. A Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura ofertará en concurso público para a súa concesión os puntos de fondeo para viveiros de nova creación. Igualmente, e atendida a racionalidade da explotación, serán ofertados en concurso público os puntos de fondeo xa existentes que queden vacantes.

2. Os criterios xerais de preferencia para o outorgamento serán:

a) A cualificación profesional dos solicitantes, acreditada polos certificados profesionais recoñecidos pola Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

b) A experiencia profesional dos particulares e das empresas solicitantes en materia de cultivos mariños.

c) As solicitudes presentadas por cooperativas de produtores de base.

3. En caso de igualdade de condicións dos solicitantes procederase a un sorteo público dos puntos de fondeo.

4. O baremo de aplicación dos criterios xerais de preferencia concretarase regulamentariamente.

#### Artigo 62

A Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura determinará a situación dos viveiros así como as condicións de identificación, explotación, lugar e forma de fondeo. O seu sinalamento e balizamento realizarase de acordo coa normativa estatal e internacional vixente na materia.

#### Artigo 63

Poderán ser reservadas en exclusiva zonas concretas para o cultivo de determinadas especies, se as circunstancias a xuízo da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura así o aconsellasen.

#### Artigo 64

1. Excepcionalmente, e cando se trate de proxectos que introduzan innovacións substanciais, poderán outorgarse autorizacións temporais de carácter experimental en polígonos, por un tempo máximo de tres anos, prorrogables por un máximo de dous anos en casos debidamente xustificados, que non lles orixinarán ningún dereito ós beneficiarios á continuidade da explotación, agás o disposto no punto seguinte. Tales instalacións poderán en todo momento ser inspeccionadas pola

consellería e anualmente presentaráselle a esta unha memoria dos resultados que houbo.

2. Poderase permitir, por petición do interesado, a comercialización controlada dos produtos obtidos como resultado das experiencias.

#### Artigo 65

1. Os titulares das concesións estarán obrigados a dispoñer dun seguro que cubra os danos que poida experimenta-lo viveiro ou as perdas na produción causadas por catástrofes naturais, así como a responsabilidade por danos a terceiros.

Para tal efecto a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura arbitrará os medios necesarios para acollerse a un réxime de seguro colectivo.

2. Así mesmo, estarán obrigados a limpar, cada dez anos, a lama e outros residuos do cultivo acumulados baixo os viveiros.

### Sección 4.<sup>a</sup>

#### Da acuicultura na zona terrestre

#### Artigo 66

Os establecementos de acuicultura e auxiliares de acuicultura na zona terrestre requirirán o oportuno permiso da actividade, sen prexuízo dos permisos, licencias e autorizacións que correspondan.

No suposto de que sexa preciso ocupar terreos de dominio público, será necesaria a previa concesión.

Regulamentariamente determinaranse as condicións dun e doutra.

#### Artigo 67

Os establecementos de acuicultura e auxiliares de acuicultura deberán desaugar en condicións sanitarias que non prexudiquen a fauna e flora mariñas.

A Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura poderá establecer normas relativas a distancias mínimas entre establecementos e outras medidas relativas a garantir a calidade das augas.

### Sección 5.<sup>a</sup>

#### Consideracións xerais sobre o réxime da acuicultura

#### Artigo 68

Só se permitirán actividades en réxime de acuicultura en augas que teñan a calidade adecuada para o cultivo de especies mariñas, segundo a lexislación vixente.

#### Artigo 69

A explotación dos recursos mariños tanto en réxime de acuicultura coma en establecementos auxiliares requirirá os correspondentes títulos administrativos habi-

litantes.

#### Artigo 70

No outorgamento da concesión ou autorización especificarase a especie ou o conxunto de especies mariñas para as que se outorga. As demais especies que puidesen estar presentes na zona ou no establecemento a que se refire a concesión ou autorización non serán obxecto de explotación exclusiva.

#### Artigo 71

1. A utilización, o tráfico e a inmersión de sementes ou crías de calquera especie deberán estar documentalmentemente autorizadas en todo caso pola Xunta de Galicia na forma que se estableza regulamentariamente.

2. A semente ou as crías utilizadas nos establecementos de cultivo deberán cumprir as máximas garantías sanitarias. Favorecerase a utilización de semente ou crías autóctonas.

3. Non se permitirá a introducción de especies alóctonas, agás que o autorice especificamente a Xunta de Galicia, caso no que se deberá garantir que a introducción das ditas especies non entraña risco sanitario nin ecolóxico para o mar de Galicia. Para tal fin as importacións precisarán dun certificado de salubridade, expedido no país de orixe, coas especificacións que se determinen regulamentariamente e o cumprimento da lexislación xeral.



4. O traslado de ovos, esporas ou individuos de tamaño non comercial, en calquera fase vital, só se autorizará con fins de cultivo, experimentación ou investigación.

#### Artigo 72

As concesións, as autorizacións e os permisos de actividade para establecementos de acuicultura extinguiranse polas seguintes causas:

a) O cesamento da actividade de cultivo por un período superior ós dous anos, agás causa xustificada.

b) A renuncia do interesado.

c) O vencemento do prazo de outorgamento, sen que se solicita-se e concedese a prórroga.

d) O vencemento do prazo establecido para a posta en explotación, sen causa de forza maior.

e) O incumprimento das normas que regulan o outorgamento do título administrativo habilitante.

f) Por danos ecolóxicos notorios, perigos para a saúde pública ou para a navegación ou outros riscos de análoga transcendencia, debidos ó establecemento ou ó seu funcionamento anormal.

g) O incumprimento reiterado das normas de extracción, regulación e comercialización.

h) Por efectua-lo cambio de titularidade do establecemento sen a previa autorización da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

i) Polo arrendamento a terceiras persoas para a súa explotación.

j) Pola utilización das instalacións para a comisión de ilícitos penais.

k) As que se determinen nas normas regulamentarias de desenvolvemento desta lei.

#### Artigo 73

As concesións, as autorizacións e os permisos de actividade para a instalación de explotacións de acuicultura suxeitaranse ó cumprimento das seguintes condicións:

a) O impacto ambiental destas deberá minimizarse na medida do posible.

b) Dedicaranse, unicamente, ó cultivo de especies debidamente autorizadas e coas garantías adecuadas, que se establecerán regulamentariamente.

c) Fóra do establecemento non se recoñecerá ningún dereito sobre a desova das especies estabuladas.

d) Será obrigatoria a achega á Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura de datos estatísticos, segundo se determine regulamentariamente.

### Título III

Da explotación  
de algas e argazos

#### Artigo 74

A recollida de argazos poderase realizar libremente, sen outras limitacións cás establecidas na lei.

#### Artigo 75

A recollida de algas requirirá o permiso de explotación correspondente.

#### Artigo 76

1. A recollida de algas na zona marítima e marítimo-terrestre pode ser obxecto de autorización ou concesión nos termos do título II.

2. Así mesmo, o cultivo extensivo de algas en viveiros na zona marítima ou marítimo-terrestre será obxecto de concesión nos termos do título II.

3. A Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura establecerá as normas para a recollida de algas, así como para a regulación anual das campañas.

### Título IV

#### Empresas de transformación de produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura

#### Artigo 77

Enténdese por empresas de transformación de produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura, para os efectos desta lei, todas aquelas que manipulen, conserven, transformen e comercialicen produtos para o consumo humano ou

animal, tendo como principal co-poñente materia prima procedente dos recursos mariños vivos. Considéranse, entre elas:

1.— Os recintos e equipamentos destinados a:

— O desenvolvemento de instalacións para descabezado, eviscerado, esfolado, torado, salga, secado, afumado, así como o escabechado, a cocción e o enlatado ou outras formas de envasado e preparación dos produtos.

— O envasado a granel dos produtos e a embalaxe para a venda polo miúdo.

— Lonxas e instalacións de primeira comercialización.

— Instalacións de almacenamento, de almacenamento refrixado e de conxelación.

2.— Os recintos e equipamentos con innovacións tecnolóxicas aplicadas a novos produtos ou ós actuais.

3.— As instalacións que melloren a calidade e a hixiene das condicións de produción ou manipulación.

4.— En xeral, tódolos recintos e/ou locais cos equipos necesarios para a manipulación, transformación e comercialización, desde o inicio da súa primeira venda ata a fase do produto final.

#### Artigo 78

As empresas de transformación

de productos da pesca, do marisqueo e da acuicultura considéranse un elemento complementario indispensable da actividade primaria, tanto da que se realiza en áreas competencia da Comunidade Autónoma de Galicia como fóra delas, pechando ciclos productivos que aumenten o valor engadido do produto e permitan a absorción dos excedentes laborais que se poidan producir. Potenciaranse aquelas que teñan como obxectivos:

a) Contribuír á mellora da situación dos sectores de produción dos productos básicos da pesca, do marisqueo e da acuicultura e garantir, en particular, unha participación adecuada e duradeira dos produtores nas vantaxes económicas resultantes.

b) Mellorar a longo prazo as estruturas de manipulación, comercialización e transformación dos productos da pesca, do marisqueo e da acuicultura.

c) Mellora-las canles de comercialización e de distribución dos productos da pesca, do marisqueo e da acuicultura.

d) Contribuír á mellora da hixiene, calidade, conservación e envasado dos productos ou a unha mellor utilización dos subproductos.

e) Fomenta-la innovación tecnolóxica, así como a transformación e comercialización de espe-

cies novas ou infrautilizadas.

f) Contribuír a que os productos transformados se adapten á demanda dos consumidores a prezos razoables.

g) Contribuír á estabilidade do mercado dos productos da pesca, do marisqueo e da acuicultura.

h) Contribuír a asegurar unha subministración regular e adecuada de materias primas ó sector de transformación dos productos da pesca, do marisqueo e da acuicultura ou permiti-la modificación da dita subministración mediante un proceso de produción adecuado.

i) Contribuír a absorbe-la man de obra excedentaria do sector.

#### Artigo 79

As empresas de transformación de productos da pesca, do marisqueo e da acuicultura deberán estar inscritas no Rexistro Galego de Empresas Halioalimentarias. O funcionamento deste rexistro determinarase regulamentariamente.

#### Artigo 80

1. Recibirán atención prioritaria aquelas empresas que se establezan en zonas onde existan excedentes na poboación mariscadora e/ou pescadora e que contribúan mediante a creación de emprego alternativo a diminuí-la presión social sobre os recursos mariños vivos da zona, aliviando posibles situacións de sobrepesca.

2. Gozarán, así mesmo, de prioridade aquelas empresas que empreguen basicamente productos de orixe galega e que comercialicen estes baixo denominación de orixe e baixo estándares de calidades elevados.

3. Recibirán, igualmente, atención preferente as instalacións de todo tipo levadas a cabo por entidades de interese colectivo que intenten incrementa-lo valor engadido dos productos da pesca, do marisqueo e da acuicultura obxecto da súa explotación.

#### Artigo 81

A Administración autonómica poderá participar financeiramente en proxectos que sexan realizados por entidades de interese colectivo, en calquera das súas formas, co fin de acadar os obxectivos descritos no artigo 78.

### Título V

#### Da renovación da flota

#### Artigo 82

Será un dos obxectivos prioritarios da Administración autonómica potencia-la renovación das embarcacións galegas de todo tipo utilizadas na explotación dos recursos mariños, tanto en augas competencia da Comunidade Autónoma de Galicia coma noutras augas.

#### Artigo 83

A renovación da flota perseguirá os seguintes obxectivos:

a) O aumento da seguridade da vida humana.

b) O incremento do confort e do benestar da tripulación.

c) A eficacia na explotación dos recursos e a diminución dos custos de operación.

d) O dimensionamento adecuado e a adopción das medidas de seguridade operativas das unidades, de acordo coa distancia da costa a que estean autorizadas a faenar, co volume das artes de pesca e co número de tripulantes a bordo.

e) Prove-las embarcacións de todo tipo de equipamento, tanto de seguridade e salvamento coma de axudas á navegación e á pesca.

f) Asegurar un período adecuado de amortización dos equipos e de autocalificación do sector, que lle permita no futuro non depender de subvencións e axudas para a súa renovación.

g) A dotación de medios adecuados de manipulación do produto, que aseguren que este chegue ós centros de contratación en boas condicións de presentación, frescura e calidade.

#### Artigo 84

1. Nas accións de estímulo á renovación da flota primarán as de nova construción de buques sobre as de reforma de unidades existentes.

2. Para tal efecto establecerase,

reglamentariamente, unha idade límite dos buques de pesca, máis alá da cal non se levarán a cabo accións de estímulo á reforma e modernización.

#### Artigo 85

A Administración autonómica poderá definir un ou varios modelos de embarcacións tipo, adaptados á explotación nas augas competencia da Comunidade Autónoma, que recibirán un trato preferencial á hora de establecer accións de estímulo á renovación.

#### Artigo 86

En todo caso, a renovación da flota destinada a explotar os recursos competencia da Comunidade Autónoma de Galicia inscribirase dentro dun plan global que deberá recoller, a medio e longo prazo, a adaptación da totalidade da flota a unhas dimensións que:

a) Minimicen o risco de sobrepesca dos recursos.

b) Aseguren que o esforzo pesqueiro e o esforzo pesqueiro real se adapten ós niveis de que produzan o rendemento máximo sostible, nun máximo número de unidades de produción.

c) Aseguren a eficacia económica da explotación, proporcionándolles uns ingresos económicos adecuados ás persoas enroladas.

d) Garantan un nivel de capitalización adecuado ás empresas e ós operadores dos citados buques.

e) Aumenten as condicións de seguridade e hixiene no traballo e no cumprimento das normas de salvamento marítimo.

#### Artigo 87

A Administración autonómica poderá adoptar cantas medidas de apoio sexan necesarias para asegurala continuidade da flota que opera en caladoiros que non sexan competencia directa da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a súa rendibilidade económica e o mantemento, na medida do posible, do nivel de emprego existente na actualidade.

#### Artigo 88

Dentro do marco legal, estatal ou comunitario, a Administración autonómica de Galicia xestionará a tódolos niveis as medidas necesarias para a renovación da flota.

### Título VI

Da inspección e vixilancia das actividades de explotación dos recursos mariños

#### Sección 1.<sup>a</sup>

Da inspección pesqueira

#### Artigo 89

1. Co fin de aseguralo cumprimento da lexislación vixente en materia de pesca, marisqueo e acuicultura no ámbito da presente

lei, créase o Servizo de Protección de Recursos. No exercicio das súas funcións poderá utilizar calquera medio dos legalmente recoñecidos.

2. Os membros do dito servizo dependerán funcionalmente da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

#### Artigo 90

O Servizo de Protección de Recursos contará co persoal das escalas seguintes:

- Inspección pesqueira.
- Escala técnica de vixilancia pesqueira.
- Titulados náutico-pesqueiros de vixilancia pesqueira.
- Subinspección pesqueira.
- Escala básica de vixilancia pesqueira.

#### Artigo 91

O persoal do Servizo de Protección de Recursos, debidamente identificado, poderá exercer as seguintes accións:

a) Inspeccionar tódolos buques e establecementos relacionados coa pesca, co marisqueo e coa acuicultura, as prazas de abastos e os establecementos hosteleiros sen máis requisitos cá súa identificación. Non permiti-lo seu labor será considerado como falta moi grave na lei sancionadora correspondente.

b) Igualmente poderá efectua-la

inspección de calquera vehículo dedicado ó transporte de peixes, marisco ou outros produtos do mar. A requirimento do persoal autorizado, o vehículo deberá detense, se é o caso, e permiti-la inspección, e se non o fixese, o condutor incorrerá en falta moi grave, sancionable segundo a lei correspondente.

c) No exercicio das súas funcións terá a consideración de axente da autoridade e poderá solicita-lo auxilio necesario das autoridades de Mariña e dos corpos e forzas de seguridade do Estado. A Policía local estará obrigada a presta-lo seu apoio a requirimento do persoal do Servizo de Protección de Recursos.

#### Artigo 92

As actas levantadas polo persoal do Servizo de Protección de Recursos relativas a feitos coñecidos e verificados por eles mesmos gozarán da presunción de veracidade e deberán reflecti-los feitos co maior detalle posible. Poderanse facer alegacións adicionais posteriores co obxecto de aclarar máis dos feitos contidos na acta de infracción.

#### Sección 2.<sup>a</sup>

Da vixilancia de concesións e autorizacións polos propios interesados

#### Artigo 93

1. Sendo as concesións e autorizacións títulos administrativos habilitantes para o aproveitamento por parte dos seus beneficiarios ou de grupos concretos de beneficiarios, o labor de vixilancia, se fose preciso, deberá correr por conta destes, como elemento integrante da explotación.

2. Os titulares de autorizacións e concesións na zona de dominio público marítimo e marítimo-terrestre contratarán, se fose preciso, persoal cualificado que se ocupará do labor de vixilancia nelas.

3. A Administración autonómica poderalles habilitar axudas temporais ás entidades de interese colectivo para a vixilancia de concesións e autorizacións. En todo caso, deberase tender a que estes gastos sexan por conta dos propios titulares.

#### Artigo 94

1. O persoal de vixilancia a que se refire o artigo anterior actuará baixo a supervisión do Servicio de Protección de Recursos e en estreita colaboración con este. O devandito persoal estará obrigado a achegarlle ó Servicio de Protección de Recursos todos aqueles datos e informes que lle puidesen ser requiridos por este sobre a materia.

2. O persoal de vixilancia poderá formular denuncias de infracción, por faltas cometidas na área das autorizacións e concesións respectivas, que serán tramitadas a través do Servicio de Pro-

tección de Recursos. Igualmente deberá emitir informe sobre as posibles infraccións que se poidan producir fóra da súa zona.

#### Artigo 95

A entidade titular da autorización deberá proceder á concertación dun seguro contra danos a terceiros e de responsabilidade civil para cubri-los riscos derivados desta actividade.

### Título VII

#### Da comercialización dos produtos da explotación dos recursos mariños

#### Artigo 96

A Administración autonómica efectuará a regulación e o control das denominacións de orixe e das transaccións comerciais que se efectúen nos lugares destinados para tales efectos.

#### Artigo 97

1. A primeira venda dos peixes e mariscos regulados nesta lei, dos que se faga a comercialización en fresco, deberá efectuarse preceptivamente nas lonxas ou nos lugares que para tal fin se establecerán regulamentariamente. Do mesmo modo regularase o desenvolvemento da actividade.

2. Quedan exentas da realización da primeira venda en lonxas as especies que se comercialicen de forma distinta ó fresco, que seguirán a normativa que se esta-

bleza regulamentariamente.

3. A venda de produtos procedentes de cultivos mariños poderá iniciarse nos propios establecementos.

#### Artigo 98

A Administración autonómica dictará aquelas normas que teñan por fin eliminar do mercado produtos de calidade non satisfactoria e realizará o control pertinente sobre os produtos sometidos á normalización. As accións adoptadas pola Xunta de Galicia favorecerán as relacións comerciais sobre a base dunha competencia leal e rendibilidade económica da produción.

#### Artigo 99

1. A Administración autonómica poderá outorgarlles ás entidades de interese colectivo e entidades públicas e privadas préstamos, subvencións e axudas económicas que teñan por obxecto:

a) A evolución destas entidades de interese colectivo cara a entidades de dereito privado economicamente autosuficientes ou cara á formación de organizacións de produtores, entendidas estas tal e como se consideran no ordenamento xurídico comunitario.

b) Compensar financeiramente as organizacións de produtores polas partidas retiradas do mercado e posteriormente dedicadas a subprodutos.

c) A transformación e o almacenamento, con vistas ó consumo humano, de produtos frescos retirados da venda, ou o almacenamento privado de produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura.

d) Calquera tipo de indemnización compensatoria ou restitución autorizada legalmente nesta materia.

e) Calquera tipo de axuda que sirva para a promoción comercial dos recursos mariños vivos de Galicia.

f) A realización de proxectos de accións tendentes a fomentar o consumo de produtos pesqueiros ou marisqueiros procedentes de especies excedentarias ou pouco explotadas.

2. A concesión destas axudas farase con publicidade, obxectividade, transparencia e equidade.

#### Artigo 100

A Administración autonómica determinará as condicións sanitarias que deberán reunir os moluscos bivalvos antes de seren comercializados para o consumo humano, de acordo coa normativa en vigor sobre a materia.

#### Artigo 101

A Administración autonómica establecerá regulamentariamente os mecanismos de prevención e control para preservar de epizootias e outras enfermidades trans-



misibles os cultivos mariños.

### Artigo 102

A Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura realizará os censos e as estatísticas en materia de pesca, os seus medios de produción e produtos naturais e transformados, todo iso de acordo coa normativa estatal e autonómica na materia, creándose, de acordo coa Lei galega de estatística, o servizo correspondente para a súa execución.

### Artigo 103

A Administración autonómica poderá establecer calquera tipo de normas, accións ou axudas que contribúan á eliminación de obstáculos comerciais ou estruturais existentes no sector pesqueiro que se opoñan á consecución dos obxectivos desta lei, que favorezan a realización de proxectos globais vinculados á actividade pesqueira ou que axuden a remediar, mediante accións concertadas, posibles dificultades que afecten un aspecto específico da actividade pesqueira.

Disposición adicional primeira.—  
Definicións xerais.

Na interpretación desta lei serán aplicables os seguintes conceptos:

1) Recurso mariño: calquera especie, animal ou vexetal, que habite total ou parcialmente no mar, susceptible de explotación

comercial ou recreativa.

2) Peixe: calquera animal vertebrado mariño, a excepción dos mamíferos, das aves e dos réptiles.

3) Marisco: calquera animal invertebrado mariño susceptible de comercialización para o consumo.

4) Argazos: as plantas que, desprendidas do fondo, ben por efectos das ondas ou por outras circunstancias naturais, se acumulan nas praias e noutras zonas do litoral.

5) Alga: calquera planta criptógama cun ciclo vital que se desenvolva na súa totalidade ou maioritariamente no medio mariño.

6) Pesca: a actividade de extraer, con fins comerciais ou non, calquera animal mariño, non mamífero, mediante calquera tipo de medio.

7) Marisqueo: modalidade específica de pesca consistente na actividade extractiva dirixida á captura de animais invertebrados mariños susceptibles de comercialización para o consumo.

8) Recolección de algas: explotacións por medios mecánicos ou manuais de algas vivas procedentes de praderías de algas.

9) Recollida de argazos: a efectuada por calquera medio dos mesmos.

10) Banco natural: lugar ou zona xeográfica onde de forma

natural e espontánea se concentran especialmente unha ou varias poboacións, podendo estar os seus individuos en calquera das súas fases de desenvolvemento, e que poidan ser susceptibles de explotación.

11) Pradería de algas: lugar ou zona xeográfica onde de maneira natural e espontánea se concentran especialmente poboacións definidas de algas, de forma continua ou discontinua.

12) Semicultivo mariño: a actividade exercida sobre un banco natural, ou unha parte deste, que por medios técnicos e científicos logra aumenta-la súa produción con relación ó que sería esta no citado banco natural baixo a regulación máis eficiente deste en condicións naturais.

13) Acuicultura ou cultivos mariños: a actividade que, levada a cabo por medios técnicos e científicos, se realiza para obter e desenvolver especies mariñas nas súas diversas fases de reprodución, desova, crecemento, preengorde e engorde.

14) Cultivo mariño extensivo: actividade exercida en zona marítima ou marítimo-terrestre que, por medios técnicos, produce especies mariñas, sen que sexa necesaria a achega de alimento para elas.

15) Cultivo mariño intensivo: actividade exercida en zona marítima, marítimo-terrestre ou terres-

tre que, por medios técnicos, produce especies mariñas en condicións de alta densidade, con achega de alimento para elas.

Disposición adicional segunda.— Definicións de termos de tipo técnico referentes á regulación da actividade pesqueira.

Na aplicación desta lei serán aplicables as seguintes definicións:

1) Biomasa: o peso total dunha unidade de poboación de seres vivos ou dunha parte definida dela.

2) Poboación: conxunto de individuos dunha mesma especie que teñan un certo grao de intercambio de material xenético nun ámbito xeográfico definido.

3) *Stock* ou unidade de poboación: a parte dunha poboación dunha especie mariña que por motivos biolóxicos poida ser ou sexa considerada como unha unidade de xestión, desde o punto de vista da súa utilización real ou potencial.

4) Mortalidade natural: é o número de mortes que se producen nas unidades de poboación, por calquera causa, exceptuando as debidas única e exclusivamente á explotación da mesma polo home mediante a pesca.

5) Esfuerzo pesqueiro: calquera medida que indique simultaneamente o grao de actividade pesqueira e o seu efecto nas unidades

de poboación en consideración. As ditas medidas poderán combinar datos tales como número de días de pesca, días de caladoiro, tipos de arte, dimensións delas, características das embarcacións ou calquera outra circunstancia ou característica que inflúa na efectividade da explotación pesqueira.

6) Esfuerzo pesqueiro real: calquera medida de esforzo pesqueiro que se considere, non polos factores directamente causantes do devandito esforzo, senón polos efectos que estes produzan nas unidades de poboación e que poidan ser medidos sen facer referencia á configuración das artes de pesca, á súa forma de utilización ou a outros factores definidos anteriormente como esforzo pesqueiro.

7) Captura por unidade de esforzo: a cantidade de pesca expresada en número ou peso realizada por unha unidade de esforzo pesqueiro en calquera das súas acepcións.

8) Rendemento pesqueiro ou rendemento: denomínase así a cantidade de pesca obtida nun período determinado de tempo dunha unidade de poboación ou dun conxunto delas.

9) Rendemento de equilibrio: denomínase así o rendemento medio obtido dunha unidade de poboación ou dun conxunto delas, cando esta ou estas están en equilibrio cun esforzo pesqueiro real dunha determinada magnitude e a

biomasa media da poboación non cambia de ano en ano.

10) Rendemento máximo sostible: o rendemento de equilibrio maior que se poida obter dun *stock* para unhas determinadas condicións ambientais e de pesca e que se corresponda cun determinado nivel de esforzo pesqueiro real.

11) Subpesca: estado no que está unha pesquería ou unidade de poboación cando o esforzo de pesca real exercido sobre ela é inferior a aquel que produce o rendemento máximo sostible. Os rendementos de equilibrio existentes son polo tanto inferiores a aquel pero pódense aproximar a el mediante un incremento do esforzo de pesca real.

12) Sobrepesca: estado no que está unha pesquería ou unidade de poboación cando o esforzo de pesca real exercido sobre ela é superior a aquel que produce o rendemento máximo sostible. Nesa circunstancia, polo tanto, os rendementos de equilibrio son inferiores a aquel, e todo incremento do esforzo de pesca real diminuírá aínda máis o rendemento da pesquería.

13) Clase de idade: denomínanse así os individuos dunha poboación natural que nacesen nun período determinado.

14) Recrutamento: denomínase así a achega periódica de novos individuos ás unidades de poboación ou que sexan susceptibles de

ser capturados na primeira oportunidade polas artes de pesca existentes.

15) Arte de pesca: calquera medio material que sirva para capturar ou facilita-la captura de individuos das unidades de poboación sometidas a explotación.

16) Días de pesca ou de campaña: son aqueles días nos que, independentemente do tempo, se utilicen as artes de pesca ou marisqueo co fin de levar a cabo as actividades extractivas correspondentes.

17) Captura total permisible: captura total autorizada a extraer dunha unidade de poboación e zona específica, por un tempo dado.

18) Cota: captura máxima permitida ó titular dun permiso de explotación (persoa ou embarcación) dunha especie ou especies mariñas determinadas nunha zona ou banco en particular e por un período determinado de tempo.

19) Zona marítimo-terrestre: espaco comprendido entre a liña de baixamar escorada ou máxima viva equinoccial e o límite ata onde alcanzan as ondas nos maiores temporais coñecidos ou, cando o supere, o da liña de preamar máxima viva equinoccial.

20) Zona marítima: espaco marítimo comprendido desde mar a fóra ata a liña de baixamar máxima escorada ou máxima viva equinoccial.

21) Zona terrestre: espaco terrestre comprendido desde o interior ata onde alcanzan as ondas nos maiores temporais coñecidos ou, cando o supere, o da liña de preamar máxima viva equinoccial.

22) Marisqueo a pé: marisqueo exercido na zona marítimo-terrestre e na parte de zona marítima na que se poida exercer-la actividade marisqueira sen necesidade de embarcación ou con apoio de embarcación auxiliar dentro dos límites considerados por esta lei.

23) Semente: molusco inmaturo utilizado para repoboa-los bancos naturais mediante semente para estabular para engorde en establecementos de cultivo ata que alcance o tamaño comercial.

24) Especie autóctona: especie mariña orixinaria das augas de Galicia, segundo o acervo científico e cultural, ou que sendo introducida polo home tempo atrás, voluntaria ou involuntariamente, se adaptase sen consecuencias negativas ó equilibrio ecolóxico mariño da Comunidade Autónoma.

25) Especie alóctona: especie mariña orixinaria dunha zona diferente ás augas de Galicia, segundo o acervo científico e cultural, e que non estea adaptada, desde tempo atrás, ó equilibrio ecolóxico mariño da Comunidade Autónoma.

26) Entidades de interese colectivo: calquera forma asociativa de dereito público ou privado, tales

como confrarías, asociacións, cooperativas e organizacións constituídas por produtores de base e organizadas para desenvolver actividades consideradas nesta lei.

27) Lonxa: centro de contratación e comercialización en primeira venda das especies mariñas.

28) Centro de control e/ou venda: instalación fixa ou desmontable autorizada para a realización de control e/ou venda de mariscos.

#### Disposición adicional terceira

O desenvolvemento de calquera outra actividade dentro do ámbito desta lei e non especificamente regulada nela só se poderá levar a cabo logo da súa regulamentación.

#### Disposición adicional cuarta

As instalacións de acuicultura en zonas distintas do dominio público marítimo e marítimo-terrestre requirirán o preceptivo permiso de actividade da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, que se outorgará se se observan os requisitos que regulamentariamente se determinen.

#### Disposición adicional quinta

1. Tódalas normas sobre axudas, subvencións ou financiamento en materia de pesca, marisqueo, acuicultura, ordenación pesqueira, renovación da flota e industrias de transformación pesqueiras outorgadas por calquera tipo de organismo, entidade ou empresa públi-

ca dependente da Comunidade Autónoma de Galicia deben contar cun informe previo e preceptivo da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

2. As deputacións provinciais e outras entidades locais de Galicia non poderán dictar normas ou outorgar axudas, subvencións ou financiamento en materias competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia referentes a pesca, marisqueo e acuicultura, ordenación pesqueira, renovación da flota e industrias de transformación pesqueiras, agás no caso de programas coordinados coa Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

#### Disposición adicional sexta

Os servicios públicos prestados e a actividade realizada pola Administración autonómica, así como a utilización privativa ou o aproveitamento especial de bens de dominio público, en canto que son materia desta lei, poderán ser obxecto de aplicación de taxas, prezos ou outro tipo de instrumentos financeiros.

#### Disposición transitoria primeira

1. No prazo máximo de dous anos adaptaranse ó disposto nesta lei as disposicións autonómicas vixentes na materia. Nestas sinalaranse os prazos para a adecuación do sector ás novas normas.

2. En todo caso os establecementos e establecementos auxiliares de acuicultura adecuaranse ó disposto nesta lei no prazo de cinco anos.

#### Disposición transitoria segunda

A Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura procederá á revisión das autorizacións nas zonas marítima e marítimo-terrestre existentes á entrada en vigor da presente lei para adaptalas ás previsións contidas na mesma.

En todo caso, as titularidades das ditas autorizacións quedarán automaticamente prorrogadas por un período de cinco anos, contados a partir da entrada en vigor da presente lei.

#### Disposición transitoria terceira

Para os efectos do previsto no capítulo III do título II desta lei poderán ser utilizadas na explotación dos recursos:

a) As embarcacións con expedientes de construción que, en caso de resolución favorable, deban ser inscritas nas devanditas listas e censos, sempre que tivesen entrada nos órganos administrativos correspondentes antes da vixencia da lei.

b) Aquelas ás que, con expedientes de embarcación amparados por créditos oficiais con informe favorable dos órganos administrativos correspondentes antes da entrada en vigor desta lei, se lles autorice a súa construción

nun prazo máximo de dous meses despois da dita entrada en vigor.

#### Disposición transitoria cuarta

No prazo máximo de cinco anos tódalas persoas en posesión dun permiso de explotación para marisqueo a pé deberán adaptarse ó disposto no artigo 38.

#### Disposición transitoria quinta

Para a aplicación do disposto no artigo 30, parágrafo cuarto, concédese un prazo de quince anos, polo que se establece a non expedición do permiso de explotación a barcos maiores de trinta anos.

A Administración autonómica arbitrará os medios e créditos oportunos para incentivar esta operación.

#### Disposición transitoria sexta

Os funcionarios de carreira que, á entrada en vigor desta lei, ocupen unha praza nos actuais servizos de vixilancia e inspección pesqueira integraranse nas escalas correspondentes, segundo o artigo 90.

#### Disposición transitoria sétima

Parta os efectos do previsto no artigo 59 desta lei, consideraranse como primeira concesión:

a) As concesións que estivesen en situación de prórroga á entrada en vigor desta lei.

b) Aquelas concesións que teñan concedida a primeira prórroga nos cinco anos seguintes á entrada en vigor desta lei.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas cantas disposicións legais se opoñan ó contido da presente lei. En especial quedan derogadas:

— Lei 2/1985, do 26 de febreiro, de ordenación da pesca marítima en augas da Comunidade Autónoma de Galicia.

— Lei 15/1985, do 23 de outubro, de ordenación marisqueira e cultivos mariños.

Disposición derradeira primeira

Facúltase a Xunta de Galicia para proceder ó desenvolvemento regulamentario desta lei.

Disposición derradeira segunda

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 1993

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente